

NOME: E logo, por que o dis?

REFERENCIA: 00005.

NÚMERO PARTICIPANTES: mínimo 8.

IDADES: a partir de 7.

ESPAZO

Sen requisitos especiais. É aconsellable ter espazo dabondo para dividir o grupo en 2 e distribuír a xeito de palco e público.

MATERIAIS

Non precisa.

DURACIÓN (TEMPOS APROXIMADOS)

15 minutos.

1. Introducción. 3 minutos.
2. Grupo 1 fai de público. 6 minutos.
3. Grupo 2 fai de público. 6 minutos.

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

DESCRINCIÓN

Divídese o grupo en dous: palco e público, logo trocan.

O grupo en palco divídese, así mesmo, en dous grupos, que se dispoñen en dúas filas de maneira que a primeira persoa dunha fila estea fronte a fronte coa primeira da outra.

A persoa que comeza emite unha pregunta. A persoa que está á fronte debe responder cunha pregunta e así sucesivamente. A primeira persoa que non consegue responder deixa o seu lugar á persoa que ven detrás e pasa a ocupar o último lugar na súa fila, e así ininterrumpidamente ata que remate o tempo.

A persoa que substitúe á que se retira debe entrar respondendo cunha pregunta. No caso de que non o consiga, ou se retira ao final da fila ou a persoa que está en fronte emite unha nova pregunta e reiníciase o xogo.

No caso de grupos pequenos (menos de 10), prescínlese de “público”.

CONTIDOS EDUCATIVOS

Permite explorar a idiosincrasia galega de contestar preguntando.

Permite explorar capacidade de improvisación e pensamento rápido.

Permite explorar a axilidade verbal e lingüística.

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

PRETEXTO CONTEXTO

“E vostede por que o pregunta?”

Galicia foi sempre boa terra para filósofos e retranqueiros, os primeiros porque cuestionan o porqué de todo, os segundos por ser artistas de darlle a volta ás cousas.

Parece que nos tempos presentes Galicia ten problemas, parece que non é capaz de dar resposta ás necesidades dos tempos. Se cadra, Galicia non consegue dar respostas, porque a xente que hoxe en día é Galicia non sabe facer preguntas adecuadamente...

Disque un galego e unha galega responde sempre cunha pregunta. A ver se é verdade...”

MATERIAL ANEXO

Suxestións:

A: Onde vas?
B: Non podo ir onde eu queira?
A: E como non vas poder ir?
B: Onde pensas ti que vou?
A: Ti pensas que eu o sei?
B: E a min que me preguntas?

A: Cantos anos téis?
B: Cantos cres que teño?
A: E como o vou saber?
B: Non podes adiviñar?
A: Vasme dicir a túa idade?
B: E lo por que o preguntas?

O GALEGO CAMPA!

Dinamización lingüística nos campamentos de verán

www.lingua.gal

www.xuventude.net

A: Quéresme?

B: Quéresme ti?

A: Canto me queres?

B: Canto pensas que te quero?

A: Quéresme tanto como eu te quero a ti?

B: Pensas que podoo vivir sen ti?

A: Pasou o autobús?

B: Víchelo pasar?

A: Se o vise pasar, pensas que che preguntaba?

B: Se o vise pasar, pensas que ía seguir aquí na parada?

A: Estás esperando o mesmo bus ca min?

B: Ti para onde vas?